



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación modificación das bases específicas da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 2 prazas de enxeñeiro/a industrial (subgrupo A1) da escala de administración especial, C.E. 9/23

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 21 de xullo de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar o requisito de titulación esixido na base específica 3ª das que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de dúas prazas de enxeñeiro/a industrial (subgrupo A1), da escala de administración especial (C.E. 9/23), publicadas no BOP núm. 93 do 19/05/2025, nos seguintes termos, onde di “*Posuír ou estar en condicións de obter a titulación universitaria de enxeñería industrial, grao en enxeñaría industrial ou equivalente que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a industrial.*” debe dicir “*Posuír ou estar en condicións de obter o título de enxeñeiro/a industrial ou máster universitario en enxeñería industrial.*”

Segundo.- Publicar a devandita modificación no BOP

Terceiro.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta

A Coruña, 28 de xullo de 2025

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2025/5064